

Vigo, 5 de xuño do 2023

Estimado Sr/Sra:

Un ano máis, Cruz Vermella continúa ofrecendo apoio ás familias daqueles nenos e nenas que teñan dificultades para adquirir o material escolar ou inclusive os libros de texto, **complementando a bolsa da Xunta de Galicia solicitude, imprescindible para optar a esta campaña.**

No caso de que detecten esa necesidade nalgunha das familias dos seus alumnos/as, pregámoslles que os informen da posibilidade de contactar connosco para a cobertura da mesma, indicando que **recolleremos as solicitudes na Asemblea da Cruz Vermella de Vigo do 19 ó 30 de xuño**

A **documentación imprescindible** a presentar para facer a solicitude é a seguinte:

- **DNI/NIE/Pasaporte** de todos os membros da unidade familiar.
- **Volante de empadramento** conxunto/familiar
- Documentos dos **menores**:
 - Libro de familia
 - Partida de nacemento
- **Contrato de aluguer** da vivenda, **recibo** que xustifique pago **ou declaración xurada** do propietario.
- **Copia da solicitude do fondo solidario de libros.**
- **Ingresos da unidade familiar**:
 - Nómina:
 - Certificado de prestacións da Xunta:
 - Certificado positivo/negativo de prestacións SEPE (INEM):
 - Certificado positivo/negativo de prestacións da seguridade social:
 - Extracto bancario dos movementos dos 3 últimos meses:
 - Vida laboral:
- **Outras sentencias/informes**

Facer fincapé en que Cruz Vermella só facilitará axudas de carácter material e non terá en conta as marcas específicas, polo que agradeceremos a súa flexibilidade á hora da elaboración das listas no referente a estes aspectos.

Agradecemos de antemán a súa colaboración e confiamos en que a través do traballo responsable de todos e todas poidamos mitigar as situacións de vulnerabilidade social que viven moitas destas familias.

Un saúdo